



EXPEDIENTE: “CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO PARA DIVERSAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA”.

Nº DE EXPEDIENTE: 2023/ABSSUB/000005

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

LUGAR E DATA DE EMISIÓN: Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica.

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE, DO BENESTAR, DA SAÚDE E DA ECONOMÍA

Examinado o expediente do contrato de subministro que se menciona na parte dispositiva deste acordo, resultan relevantes os seguintes **feitos**:

- 1.-A Concelleira da área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía acordou o inicio do expediente de contratación do contrato de subministro que se menciona na parte dispositiva deste acordo.
- 2.-A Xunta de Goberno Local aprobou os pregos de cláusulas administrativas, o prego de prescricións técnicas e o expediente de contratación que se menciona na parte dispositiva deste acordo.
- 3.-Publicáronse os anuncios de licitación determinados nos pregos de cláusulas administrativas particulares na Plataforma de Contratación do Sector Público.
- 4.-As ofertas presentadas polas empresas foron obxecto de valoración por parte da mesa de contratación tendo en conta os informes técnicos de valoración. Finalmente, a mesa de contratación propuxo a adxudicación do contrato ás empresas ACEROFFICE, S.L. (LOTE 1) e SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L. (LOTE 2) por ser as ofertas con mellor relación calidade-prezo nos distintos lotes e acordou requirir as citadas empresas para que presentasen a documentación determinada no prego de cláusulas administrativas particulares para poder adxudicar o contrato. As entidades requiridas cumpriron debidamente con este requirimento.
- 5.-O Xefe do Servizo de Contratación emite informe-proposta no que de conformidade cos acordos da mesa de contratación e cos informes técnicos de valoración, proponse a adxudicación do subministro, segundo os acordos e informes correspondentes, ás empresas LOTE 1: ACEROFFICE, S.L. (NIF: B70441001) e LOTE 2: SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L. (NIF: B15213911).
- 6.-A Intervención Xeral informou favorablemente á adxudicación do contrato.





Fundamentos xurídicos

Primeiro.-Cumpríronse os trámites dispostos na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP), para seleccionar a oferta de mellor relación calidade-prezo no contrato que se menciona na parte dispositiva deste acordo. De conformidade co artigo 150 da LCSP, procedeuse por parte da Mesa de Contratación a clasificar as ofertas, así como requirir a oferta con mellor calidade-prezo para que no prazo de sete días hábiles presente determinada documentación, trámite cumprido pola empresa a que se lle adxudica o contrato mencionado na parte dispositiva desta resolución. O cumprimento deste requirimento, determina de conformidade co artigo 150.3 da LCSP, que órgano de contratación deba adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da recepción da devandita documentación. A adxudicación prodúcese coa presente resolución.

Segundo.-O artigo 151 do LCSP determina que a adxudicación debe ser motivada, contendo a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer, un recurso suficientemente fundado. A motivación da adxudicación basease en todos os acordos da mesa de contratación do contrato de subministros que se menciona na parte dispositiva deste acordo así como os informes, que no seu caso se emitiron, e de conformidade con estes acordos e informes e polas motivacións expostas nos mesmos, e que se asumen na presente resolución de adxudicación, así como do cumprimento por parte da entidade á que se lle efectuou o requirimento para que presentase a documentación determinada no artigo 150.2 da LCSP, procede a adxudicación do contrato que se menciona posteriormente.

Terceiro.-De conformidade co apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local e a este órgano é ao que lle corresponde a adxudicación do contrato segundo dispón o artigo 150.3 da LCSP. Non obstante, a competencia para adxudicar os contratos esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xullo de 2024 na Concelleira da área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía.

Cuarto.-De conformidade co artigo 153 da LCSP, a formalización do contrato debe realizarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 da LCSP.

A vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local efectuada na sesión do día 18 de xullo de 2024, **RESOLVO**:

Primeiro.-Declarar válido o seguinte procedemento aberto relativo ao contrato de "CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO PARA DIVERSAS DEPENDENCIAS MUNICIPALES EN EL AYUNTAMIENTO DE PONTEVEDRA".

Segundo.-Aceptar e asumir todos os acordos da Mesa de Contratación do contrato de subministro que se menciona no apartado anterior así como os informes, que no seu caso se emitiron, e de conformidade cos acordos, informes e polas motivacións expostas nos mesmos, propoñer a adxudicación do contrato ás empresas que a continuación se establecen, xa que cumpriu cos requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, e así proceder a adxudicación do contrato, sendo os datos das ofertas os seguintes:

LOTE 1 (Subministro e instalación do mobiliario de oficina para o andar primeiro do edificio municipal sito en Michelena nº 30.):





EMPRESA	PREZO CON IVE	MELLORA 1	MELLORA 2
ACEROFFICE, S.L. (NIF: B70441001)	45.617,00 €	SI	SI

LOTE 2 (Subministro e instalación de mobiliario de oficina para o andar primeiro do Pazo do Concello de Pontevedra.):

EMPRESA	PREZO CON IVE	MELLORA 1	MELLORA 2	MELLORA 3
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L. (NIF: B15213911)	59.169,00 €	SI	SI	SI

Terceiro.-Requirir ás empresas adxudicatarias para que proceda a formalización do presente contrato unha vez transcorridos quince días hábiles seguintes a aquel en que reciban a notificación da presente resolución de adxudicación.

Cuarto.-Una vez que se formalice el contrato, la formalización del mismo se publicará nos termos expostos en el art 154 LCSP.

Quinto.-Dar traslado da presente resolución a entidade adxudicataria, aos licitadores así como a Intervención Municipal. A notificación acompañarase coas actas das reunións da mesa de contratación así como dos informes técnicos que no seu caso obren no expediente para a valoración das ofertas, que serven de fundamento para a presente resolución de adxudicación.

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

